

Buscar...

[INICIO](#)

[SALNÉS-CALDAS](#)

[BARBANZA](#)

[PONTEVEDRA](#)

[TAMBRE](#)

[DEPORTES](#)

[CULTURA](#)

[CONTACTO](#)

[Inicio](#) > [Noticias](#) > [Barbanza](#) > Estudantes franceses descobren os segredos da pesca galega

Estudantes franceses descobren os segredos da pesca galega

Martes, 05 Marzo 2013

RIANXO> Un grupo de estudantes franceses visitan estes días a ría de Arousa para coñecer a forma de traballar do sector pesqueiro.

A colaboración entre o Grupo de Acción Costeira Ría de Arousa e o seu homólogo na rexión francesa de Normandía traducirase nun vídeo documental sobre o sector pesqueiro en ámbalas dúas zonas. Un grupo de estudantes franceses percorre ó longo desta semana diversas localidades arousás para coñecer o sector e os diversos proxectos promovidos polos Gac como é o caso de ECOMAR.

O obxectivo deste programa traspasa a vertente divulgativa xa que pretende tamén garantir o relevo xeracional nos sectores da pesca e da acuicultura.

Durante a súa estancia en Rianxo tiveron ocasión de visitar unha cetárea, ver como funciona a lonxa ou mesmo realizar unha saída en barco ata unha batea para coñecer máis a fondo as técnicas do cultivo do molusco. Durante as próximas xornadas visitarán outras vilas e centros como o Intecmar, a escola náutico pesqueira de Ribeira ou a asociación Guimatur de Cambados que organiza rutas turísticas baseadas no marisqueo.

Todas estas experiencias serán recollidas nun documental que xa comezaron a gravar en Normandía e concluirá na Arousa polo que incluirá a comparativa entre a pescan as dúas rexións. O filme presentarase entre maio e xuño por toda Europa.

Redacción Barbanza



A un CLICK

**concello governo alcalde
vilagarcía municipal galicia**

salnés partido veciños

pontevedra barbanza sanxenxo

segundo semana centro tódolos

proxecto ribeira durante empresa

ademas

¿ Como sintonizarnos en TDT ?



<< <<